



**SESION ORDINARIA**  
**DO PLENO DA CORPORACION**  
**CORRESPONDENTE O DIA 23 DE XANEIRO DE 2.017**

No salón de Sesións da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e tres de xaneiro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Jose Antonio Carracedo Ramírez, D. Juan Santiago González Rodríguez e D<sup>a</sup> María Teresa Pereira Quintas, coa *ausencia* dos Sres. Concelleiros D. Francisco José Montesinos Rodríguez, D. Jose Luis Rodríguez Alonso, D. Santos Piornedo Piornedo e D. Jesús Río Piornedo; actuando como Secretario da Corporación, D. Antonio Mosquera Rodríguez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebra-la Sesión Ordinaria en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA**

Tras manifestacións da Alcaldía sobre o cambio de data da sesión ordinaria correspondente o 30 de xaneiro de 2017, o Pleno Municipal por unanimidade dos asistentes, procede acceder ó cambio da data de celebración da mesma.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Por unanimidade dos asistentes aprobouse a acta da Sesión anterior correspondente á celebrada o día 21 de novembro de 2016.

**3º.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA.**

Dase conta ó Pleno Municipal das resolución da Alcaldía dende a data 02-08-2016 (solicitud de subvención para o fomento do emprego no medio rural "APROL RURAL", por importe 23.356,26 € ata a Resolución de data 15/11/2016 relativa ó expte. 25/2016 promovido por D<sup>a</sup> María Conde Miranda por prestación de Servizo de Limpeza de terreos e soares.

O Pleno Municipal queda enterado.

**4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2017.**

De seguido dase conta ó Pleno Municipal do proxecto de orzamentos para o exercicio 2017, así como das Bases de Execución e demais documentación que integran o mesmo.

Tra-las correspondientes aclaracións da Alcaldía e Secretaría Xeral, o Pleno Municipal cos votos a favor de D. Rafael Pérez Vázquez, D. Antonio Blanco Martínez, D. Jose Antonio Carracedo Ramírez, D. Juan Santiago González Rodríguez e D<sup>a</sup> María Teresa Pereira Quintas,

**ACORDA:**

- 1.- Aprobado o proxecto do Orzamento para o exercicio do 2017 que se reseña no presente acordo.
- 2.- Aprobado as Bases de Execución, así como, a relación de postos de traballo.

**ORZAMENTO DE INGRESOS 2017**

Capítulo 1º	Impostos Directos	147.500,00
Capítulo 2º	Impuesto indirectos	10.000,00
Capítulo 3º	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	71.200,60
Capítulo 4º	Transferencias correntes	459.568,11
Capítulo 5º	Ingresos Patrimoniais	1.000,00



Capítulo 6º	Inversións Reais	-----
Capítulo 7º	Transferencias de Capital	1.000,00
Capítulo 8º	Activos financeiros	
Capítulo 9º	Pasivos financeiros	-----
<b>SUMA TOTAL ORZAMENTO</b>		<b>690.268,11</b>

### ORZAMENTO DE GASTOS 2017

Capítulo 1º	Gastos de persoal	312.693,06
Capítulo 2º	Gastos correntes e de Servizos	203.065,05
Capítulo 3º	Gastos financeiros	14.000,00
Capítulo 4º	Transferencias correntes	38.000,00
Capítulo 5º	Fondo de continxencias	10,00
Capítulo 6º	Inversións reais	26.000,00
Capítulo 7º	Transferencias de capital	
Capítulo 8º	Activos financeiros	
Capítulo 9º	Pasivos financeiros	96.500,00
<b>SUMA TOTAL ORZAMENTO</b>		<b>690.268,11</b>

3.- Que se prosiga o Expte. con inmediata exposición pública por espazo de 15 días.

4.- De non presentarse durante o prazo de exposición, reclamación contra o mesmo, entenderase aprobado definitivamente, caso contrario o Pleno resolverá as reclamacións.

### 5º.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

#### 5.1.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI.-

Acto seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente para manifestar que no artigo 5º "Exencións" da vixente ordenanza fiscal reguladora do IBI, non figuran ningún tipo de bonificacións que contempla o artigo 74 do TR 2/2004, no que se refire a actividades de carácter agrícola, gandeiro, forestal, pesqueiro ou análogas.

No artigo antes referenciado establécense as bonificacións potestativas sobre a cuota íntegra do mentado imposto, entre as que se atopan as de carácter agrícola, gandeiro entre outras, bonificacións que poderán acadar o 90% da cuota íntegra do imposto.

Á vista das manifestacións da Alcaldía e do contido do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Pleno Municipal por unanimidade dos asistentes ( 4 concelleiros do BNG mais 1 concelleiro do PSG- PSOE) acorda modificar o apartado o artigo 5º e disposición final da citada ordenanza que quedará redactado do seguinte modo:

#### Artigo 5º Exencións e Bonificacións

5.1 Exencións: Á vista da facultade outorgada polo apartado 4º do artigo 7º da Lei 51/202, de 27 de decembro, polo que se modifica o artigo 63 da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, declaranse exentos os recibos correspondentes a inmobles rústicos e urbanos e de bens inmobles de características especiais cuxa cuota líquida non supere a cantidade de 3,00 Euros.

5.2 Bonificacións: De conformidade co disposto no artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, considérase unha bonificación de ata o 90 % da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles urbanos que teñan unha vinculación ou preeminencia con actividades agrícolas, gandeiras e forestais. O tanto por cento será establecido polo Pleno Municipal.

Disposición Final: A modificación da presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno do Concello, en sesión de data 23-01-2017, entrará en vigor o día da súa publicación no



BOP e comenará a aplicarse segundo o establecido no artigo 75 do Real Decreto Legislativo 2/2004.

**6º.- MOCIÓNS.**

Non se presentaron

**7º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde da por concluído o Pleno, sendo as vinte e nove horas, do que se levanta a presente acta, que como Secretario, Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,